

SESION ORDINARIA DE 22 DE FEBREIRO DE 2022

(Acta número 02)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao (incorpórase ás 12-04 horas)
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente
D. José Fernández Vázquez

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **vinte e dous de febreiro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Antes de comezar co primeiro punto da Orde do Día, o Presidente, por comunicación do voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, desculpa a ausencia do señor Deputado D. José Pardo Lombao, sinalando que se incorporará durante o transcurso da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de xaneiro de dous mil vinte e dous, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=1>

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

Por parte do Presidente indícase que se celebrou unha Xunta de Voceiros na que se consensou esta Declaración, e á que vai dar lectura a continuación:

“Declaración Institucional con motivo do Día Internacional da Muller.

A Deputación de Lugo súmase un ano máis ás reivindicacións do Día Internacional da Muller e reafirma o seu compromiso cos valores do feminismo, uns valores esenciais para acadar unha sociedade xusta. A igualdade, plena e efectiva, é un obxectivo social irrenunciable e unha necesidade para consolidar a calidade dos sistemas democráticos.

No 2022 cúmprense cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións e xornadas de folga de mulleres, que puxeron o foco no ámbito dos coidados e do consumo, alén do económico e social e sen esquecer a importancia vital da loita contra a violencia machista.

Ese activismo, en conexión e solidariedade con outras mobilizacións e paros internacionais para reclamar a igualdade de dereitos das mulleres, tivo un papel fundamental no avance do feminismo como prioridade para cada vez máis capas da sociedade e na consecución dos avances e pasos dados nos últimos anos. Sinala, así mesmo, os compromisos pendentes de realización, en materias como os dereitos laborais ou a corresponsabilidade.

A situación económica e social derivada da pandemia da Covid-19 á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa, acrecentada polas decisións tomadas na crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas. A perda de emprego, o peche de pequenas empresas, o impacto dos ERTE, foi maior entre as mulleres.

Segundo o informe do Foro Económico Galego, de decembro do 2021, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade, 28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes. Ademais, estudos de organizacións sindicais recentes veñen de facer público un informe no que advirte que Galiza mantén unha fenda salarial que provoca que as mulleres gañen aproximadamente 5.000 euros ao ano menos que os homes.

Ademais, seguen pendentes compromisos como a ratificación do convenio 189 da OIT, que é clave para a dignificación e protección dun sector feminizado como o das traballadoras do fogar e para a regulación dunha economía mergullada na que milleiros de mulleres traballan sen recoñecemento e condicións dignas.

O emprego é a ferramenta fundamental do empoderamento. Unha muller sen recursos é máis vulnerable ós abusos, á dependencia dunha figura masculina. Unha muller sen emprego ten menos capacidade para defender os seus dereitos. Unha muller se emprego sitúase nun dobre risco de exclusión, pola situación de desemprego e polo feito de ser muller.

A pesares do desenvolvemento do estado do benestar e dos servizos públicos, en tempo de crise a sociedade volve a cara ás mulleres para que asuman o coidado dos maiores ós que o sistema non atende. Que acompañen ós convalecentes que xa non precisan ingreso hospitalario pero aínda

non recuperan a súa vida cotián. Que atendan ós nenos e nenas que por un motivo ou outro non poden asistir á escola, ou o fan por videoconferencia.

Moitas das medidas sanitarias que adoptan os expertos, por exemplo os confinamentos no fogar, parten do suposto implícito de que as mulleres renunciarán á súa carreira profesional, á súa rutina, para atender á conciliación, para estender o coidado alí onde non chega o Estado.

Agora que estamos a superar ós poucos a sexta onda dunha pandemia que xa dura por dous anos, cumpre non esquecer que o seu impacto foi máis forte nas mulleres. Cumpre pois que a sociedade faga agora un esforzo especial e que a recuperación económica teña tamén rostro feminino.

O pasado 7 de febreiro celebramos o 30 aniversario do Tratado de Maastricht, a carta de fundación da Unión Europea. Hoxe, nun momento no que a cooperación europea resulta fundamental para superar xuntos os efectos da pandemia, cumpre lembrar a dimensión feminina da construción europea. Europa ten sido, historicamente, o ámbito xeográfico no que os dereitos das mulleres acadaron maior desenvolvemento. Reclamacións históricas como o dereito ó voto, á interrupción do embarazo, á igualdade laboral, a loita contra a violencia machista, avanzaron máis deprisa e máis lonxe nese ámbito europeo do que Lugo forma parte.

Cumpre facer un uso dos fondos europeos a altura desa historia. A reconstrución non pode deixar a ninguén atrás. A reconstrución ten que facerse tamén en clave de xénero, con proxectos que teñan como un dos seus eixos fundamentais a recuperación do emprego feminino.

Esta institución quere darlle una visibilidade especial ó seu compromiso cos valores do feminismo e co emprego feminino impulsando neste mandato os seu Primeiro Plan de Igualdade.

É un paso máis, co que adaptamos a nosa estrutura interna á realidade social, que demanda unhas institución guiadas polos principios de igualdade de xénero. A prevención do acoso sexual, a retirada da linguaxe sexista, garantir a representación feminina ou facilitar dun xeito efectivo a conciliación ca vida familiar son algúns dos obxectivos dun Plan que quere marcar un fito no compromiso da Deputación ca loita feminista.

Unha loita que non é dun só día, senón de todos os días. Unha loita que non incumbe só ás mulleres, senón que ten que ser a loita de toda a sociedade”.

O Presidente indica así mesmo que a Declaración Institucional anteriormente transcrita é asinada pola voceira do Grupo Provincial do PS de G-PSOE, dona María del Pilar García Porto, por ausencia do voceiro do Grupo Provincial do BNG dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, e poloa ausencia do voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular don Oscar Poy Franco, na data de dezaioito do presente mes de febreiro”

A Declaración Institucional é aprobada por aclamación.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=2>

PARTE RESOLUTIVA

3.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CESIÓN GRATUITA DE TITULARIDADE DE VARIAS PARCELAS PROVINCIAIS A FAVOR DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, so seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, que di o seguinte:

Con data do 10 de xaneiro de 2022 o Concello de ANTAS DE ULLA presenta solicitude da cesión gratuíta de varias parcelas de titularidade provincial situada no seu concello.

A Secretaría Xeral Adxunta emitiu informe que textualmente di o seguinte:

“1.En relación coa situación urbanística das parcelas,

O Concello de ANTAS DE ULLA solicita a cesión gratuíta da titularidade das parcelas adquiridas pola Sociedade Urbanística SUPLUSA neste municipio.

Respecto da titularidade destas parcelas, é preciso poñer de manifesto que o propietario orixinal foi a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA), pero ditas parcelas, na actualidade, son de titularidade provincial e están incorporadas ao Libro de Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación de Lugo, do que consta expedida a Certificación da Secretaría Xeral, con data do 8 de febreiro do 2022, na que se revela a natureza xurídica como ben patrimonial e a valoración actual de 108.542,40€, cantidade que se fai constar no informe de taxación de bens da Sociedade Urbanística Provincial.

Con data de 12 de febreiro de 2007, asinouse un Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo, a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A e o Concello de Antas de Ulla para a construción dun Polígono Industrial nestes terreos, establecendo este Convenio a obrigaón da Sociedade Urbanística de elaborar a documentación técnica necesaria para que o concello de Antas de Ulla tramitase o procedemento de aprobación do plan especial, preciso para a clasificación do solo como solo urbanizable industrial, sendo obrigaón do Concello de Antas de Ulla tramitar este planeamento de desenvolvemento.

Na Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A redactouse a documentación técnica necesaria para que o Concello de Antas de Ulla tramitase o instrumento de planemaneto preciso para o desenvolvemento deste Polígono Industrial, que non foi aprobado, polo Concello de Antas de Ulla, ao existir defectos na tramitación do mesmo, en concreto:

a) O 18 de xuño de 2008 realízase a aprobación inicial do Plan Especial polo Pleno do Concello de Antas de Ulla.

b) En outubro de 2010 o expediente estaba finalizado e remitiuse ao Concello de Antas de Ulla para a súa aprobación provisional, de acordo coas obrigas recollidas no Convenio.

c) O Concello de Antas de Ulla non informou á Sociedad Urbanística, no seu momento, do acordo de aprobación provisional do Plan Especial.

d) O 25 de marzo do 2012 enviase, desde a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, carta á Alcaldía de Antas de Ulla solicitando novamente información sobre a xustificación de necesidade de solo industrial, a petición da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente, dada a existencia do polígono industrial de Monterroso, a menos de 2 quilómetros.

e) O Concello de Antas de Ulla non contestou a este escrito.

Na tramitación do expediente do Plan Especial, para a súa aprobación provisional, polo Concello, non consta o seguinte:

- A solicitude dos informes sectoriais, legalmente esixidos. No expediente e na documentación completa do Plan só se inclúen os informes de Augas de Galicia e do Ministerio de Fomento, sendo obriga municipal, de acordo co Convenio, a solicitude de ditos informes.
- A remisión desde o Concello dos documentos de participación pública e consultas, e no expediente non constan as datas nas que se deu publicidade ao planeamento, que debería ter feito o Concello de Antas, no caso de que foran realizadas.

Por tanto a Deputación non puido continuar coa construción do parque empresarial de Antas de Ulla, xa que o Concello non tramitou o planeamento urbanístico preciso para calificar o solo como industrial, requisito imprescindible para a execución do polígono.

2.En relación co estado de tramitación do expediente de cesión

Estase a tramitar a regularización xurídica a favor desta Deputación de Lugo, o que non presenta impedimento para a continuidade do presente procedemento a teor do contido do artigo 125.2 do Regulamento da Lei 33/2003, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto: *“Podrán ser objeto de cesión los bienes no regularizados física o jurídicamente, siempre que estas*

circunstancias se pongan en conocimiento del cesionario y éste asuma la obligación de realizar las actuaciones necesarias para su regularización”.

3. En relación con las parcelas solicitadas

Identifícanse 16 parcelas provinciais de solo rústico baixo a descrición catastral seguinte,

Referencia catastral	Superficie
27003A028000310000XX	6.625 m ²
27003A028000350000XS	2.019 m ²
27003A028000410000XH	515 m ²
27003A028000420000XW	291 m ²
27003A028000430000XA	1.283 m ²
27003A028000440000XB	489 m ²
27003A028000480000XP	19.593 m ²
27003A028000520000XL	284 m ²
27003A028000540000XF	3.622 m ²
27003A028000570000XK	1.575 m ²
27003A028000620000XD	1.357 m ²
27003A028000630000XX	944 m ²
27003A028000660000XE	1.397 m ²
27003A028000680000XZ	3.179 m ²
27003A028000700000XS	624 m ²
27003A028000730000XH	1.429 m ²
TOTAIS	45.226 m ²

Consta nota simple actual de inscrición rexistral expedidas polo Rexistro da Propiedade de Chantada de algunhas das parcelas descritas polo Concello do que se deduce o seguinte contido:

Referencia catastral	Titular rexistral	Superficie rexistral	Inscrición rexistral			
			Finca	Folio	Libro	Tomo
27003A028000310000XX Polígono 28 Parcela 31	SUPLUSA	66 áreas e 25 centiáreas	13151	753	71	172
27003A028000350000XS Polígono 28 Parcela 35	SUPLUSA	20 a e 19 ca	13265	768	72	102

27003A028000410000XH Polígono 28 Parcela 41	SUPLUSA	515 m ²	768	72	100	
27003A028000420000XW Polígono 28 Parcela 42		NON CONSTA INSCRICIÓN A NOME DE SUPLUSA NON CONSTA INSCRICIÓN A NOME DA DEPUTACION DE LUGO				
27003A028000430000XA Polígono 28 Parcela 43	SUPLUSA	12 a e 83 ca	13264	768	72	101
27003A028000440000XB Polígono 28 Parcela 44	SUPLUSA	4 a e 89 ca	13261	768	72	98
27003A028000480000XP Polígono 28 Parcela 48	SUPLUSA	18.018 m ²	13114	753	71	123
27003A028000520000XL Polígono 28 Parcela 52	SUPLUSA	2 a e 84 ca	13266	768	72	103
27003A028000540000XF Polígono 28 Parcela 54	SUPLUSA	36 a e 22 ca	13267	768	72	104
27003A028000570000XK Polígono 28 Parcela 57	SUPLUSA	17 a e 3ca	12076	704	56	65
27003A028000620000XD Polígono 28 Parcela 62		NON CONSTA INSCRICIÓN A NOME DE SUPLUSA NON CONSTA INSCRICIÓN A NOME DA DEPUTACION DE LUGO				
27003A028000630000XX Polígono 28 Parcela 63	SUPLUSA	944 m ²	13262	768	72	99
27003A028000660000XE Polígono 28 Parcela 66	SUPLUSA	13 a 97 ca	13268	768	72	105
27003A028000680000XZ Polígono 28 Parcela 68	SUPLUSA	3.618 m ²	13115	753	71	124
27003A028000700000XS Polígono 28 Parcela 70	SUPLUSA	6 a e 24 ca	13260	768	72	97
27003A028000730000XH Polígono 28 Parcela 73		NON CONSTA INSCRICIÓN A NOME DE SUPLUSA NON CONSTA INSCRICIÓN A NOME DA DEPUTACION DE LUGO				

Por outra banda, e á vista do exposto, as citadas parcelas foron moi recentemente incorporadas ao patrimonio provincial como resultado da aceptación da cesión *universal* por esta entidade provincial de todo o activo e pasivo da extinta SUPLUSA polo que non están incluídas en ningún plan de actuación provincial elaborado ata a data.

4. Motivación da cesión

No exercicio das competencias desta Deputación de Lugo, como é o desenvolvemento dos intereses provinciais tamén se estende ao desenvolvemento dos intereses dos concellos que forman

parte da súa provincia, primando o principio de colaboración e coordinación entre administracións cando mais, como no presente caso, concorren ademais do territorio os intereses municipais e provinciais, o que facilitará o establecemento para o Concello dunha folla de ruta que inclúa as previsións de tempos e desenvolvemento das distintas etapas neste novo proxecto.

5. En relación coa finalidade da solicitude.

A solicitude formulada polo Concello expresa , que aos efectos de aproveitar os fondos europeos para, entre outros, impulsar un parque empresarial, especialmente tendo en conta que desde ese Organismo Provincial xa se teñen producido outras cesións deste tipo a Concellos da provincia, como é o caso de Trabada.

A finalidade pública que describe redundará en beneficio dos habitantes de toda provincia e en particular dos veciños do seu municipio.

6. En relación ao réxime xurídico aplicable ao procedemento de cesión de titularidade das referidas parcelas atenderá principalmente á seguinte normativa:

- Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lexislación básica e de aplicación xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- A lexislación autonómica de réxime local Lei 5/97 do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e a Lei 5/2011 do 30 de setembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

- Lexislación non básica da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu Regulamento da Lei 33/2003, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto.
- *Supletoriamente a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e restantes normas do ordenamento xurídico, administrativo e civil*

7. En relación ao procedemento,

A Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local. Artigo 47.2.ñ. Para a adopción dun acordo de cesión gratuíta de bens a favor doutras Administracións Públicas se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno.

A Lei 5/1997 22 xullo reguladora da Administración Local de Galicia . Artigo 276 dispón que os bens inmobles patrimoniais poderán cederse gratuitamente a favor doutras Entidades Públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal.

A Lei 33/2003 do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas. Artigo 145.4 e 148 dispón que cando a cesión (gratuíta) teña por obxecto a propiedade do ben solo poderán ser cesionarios, entre outros, as entidades locais quedando vinculados ao fin que o xustificou a cesión.

O Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais. Artigo 109 e 110. . Formarán parte do expediente os seguintes documentos:

- Xustificación documental pola propia entidade solicitante do seu carácter público e Memoria demostrativa de que os fins que persegue deben redundar de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal.
- Certificación do Rexistro da Propiedade acreditativa da inscrición.

- Certificación da Secretaria da Corporación na que conste que os bens figuran no Inventario aprobado pola Corporación en concepto de patrimoniais da Entidade Local.

- O presente informe refire que os bens non se achan comprendidos en ningún Plan de Ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a Entidade Local nin é previsible que o sexa nos dez anos inmediatos.

- De seguido, emitírase informe de Intervención no que se manifeste que non hai débeda pendente de liquidación con cargo ao Orzamento provincial e a porcentaxe que respecto ao dito orzamento supón a valoración do ben.

- O expediente someterase a período de información pública.

- A cesión gratuíta de bens debe ser aprobada polo Pleno da Corporación por maioría absoluta do número legal de membros segundo artigo 47.2.ñ) da Lei 7/1985 de 9 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 110 Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais

- *Notificarase a cesión gratuíta á Comunidade Autónoma a efectos de que teñan coñecemento da mesma.*

8. En relación ao cumprimento da finalidade que xustifica a presente solicitude,

A teor do artigo 111 do Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, se no Acordo de cesión non se estipula outra cousa, entenderase que os fins para os cales se outorgaron deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes. Os bens cedidos reverterán, no seu caso, ao patrimonio da Entidade cedente con todas as súas pertenzas e accesións.

Engade o artigo 150 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas que no suposto de resolución da cesión serán de conta do cesionario o detrimento ou

deterioro sufrido polos bens cedidos sen que sexan indemnizables os gastos nos que incorrera para cumprir as cargas ou condicións impostas.

9. En relación á formalización.

A lei patrimonial non prevé con carácter básico a necesidade de formalizar en escritura pública as cesións gratuítas de inmobles a favor outras administracións (artigo 1113.2).

Non obstante, non existe inconveniente, no seu caso, en formalizar mediante escritura pública a presente transmisión do dominio que será o título inscribible no Rexistro da Propiedade correspondente.

10. En relación ao órgano competente,

O Pleno Provincial en aplicación do nº 23 do artigo 57 do seu Regulamento Orgánico ten competencia en materia de cesión gratuíta de bens e dereitos a outras administracións públicas.

Para a adopción dun acordo de cesión gratuíta de bens a favor doutras Administracións Públicas se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno segundo a Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local. Artigo 47.2.ñ.

Por último se recorda a preceptiva a sinatura da Secretaria Xeral e ademais, e no seu caso, informe da Intervención Provincial en cumprimento dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

De conformidade ao exposto estímase que o presente procedemento de cesión gratuíta de 16 parcelas provinciais a favor do Concello de ANTAS DE ULLA adecúase á lexislación vixente e poderá someterse á consideración do Pleno Provincial”.

Tendo en conta que en relación coa finalidade expresada na solicitude formulada, o Concello de Antas pretende aproveitar os fondos europeos para, entre outros, impulsar un parque

empresarial, especialmente tendo en conta que desde ese Organismo Provincial xa se teñen producido outras cesións deste tipo a Concellos da provincia, como é o caso de TRABADA esta finalidade redundará en beneficio dos habitantes de toda provincia e en particular dos veciños do municipio solicitante.

Condições da cesión.

Tendo en conta o informe emitido con data 14 de febreiro baixo o CSV IV7C5SYZH3VY7NBSSYXSGE3RIA pola Secretaría Xeral Adxunta que, entre outros, sinala que en relación ao cumprimento da finalidade que xustifica a presente solicitude, o teor do artigo 111 do Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, dispón que se no Acordo de cesión non se estipula outra cousa, entenderase que os fins para os cales se outorgaron deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes. Os bens cedidos reverterán, no seu caso, ao patrimonio da Entidade cedente con todas as súas pertenzas e accesións.

Engadindo o artigo 150 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas que no suposto de resolución da cesión serán de conta do cesionario o detrimento ou deterioro sufrido polos bens cedidos sen que sexan indemnizables os gastos nos que incorrera para cumprir as cargas ou condicións impostas.

Tendo en conta que no referido informe do Secretario Xeral Adxunto se expresa que o presente procedemento de cesión gratuíta da titularidade de 6 parcelas provinciais a favor do Concello de Antas de Ulla adecúase á lexislación vixente e pode someterse á consideración do Pleno Provincial no que consta coa conformidade da Secretaria Xeral e que ademais informa a Intervención Provincial con data do 14.02.2022 baixo o CSV V7C5TDC34MPKXHJ44VRGZ7RAU en cumprimento dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

Polo exposto, en aplicación do nº 23 do artigo 57 do Regulamento Orgánico Provincial, proponse ao Pleno Provincial:

Primeiro. Aprobar o inicio do procedemento da cesión gratuíta da titularidade a favor do Concello de Antas de Ulla das seguintes parcelas catastrais situadas nese concello:

Polígono 28	Parcela 31	Referencia Catastral	27003A028000310000XX
Polígono 28	Parcela 35	Referencia Catastral	27003A028000350000XS
Polígono 28	Parcela 41	Referencia Catastral	27003A028000410000XH
Polígono 28	Parcela 42	Referencia Catastral	27003A028000420000XW
Polígono 28	Parcela 43	Referencia Catastral	27003A028000430000XA
Polígono 28	Parcela 44	Referencia Catastral	27003A028000440000XB
Polígono 28	Parcela 48	Referencia Catastral	27003A028000480000XP
Polígono 28	Parcela 52	Referencia Catastral	27003A028000520000XL
Polígono 28	Parcela 54	Referencia Catastral	27003A028000540000XF
Polígono 28	Parcela 57	Referencia Catastral	27003A028000570000XK
Polígono 28	Parcela 62	Referencia Catastral	27003A028000620000XD
Polígono 28	Parcela 63	Referencia Catastral	27003A028000630000XX
Polígono 28	Parcela 66	Referencia Catastral	27003A028000660000XE
Polígono 28	Parcela 68	Referencia Catastral	27003A028000680000XZ
Polígono 28	Parcela 70	Referencia Catastral	27003A028000700000XS
Polígono 28	Parcela 73	Referencia Catastral	27003A028000730000XH

O presente acordo se entenderá elevado a definitivo transcorrido o prazo de información pública, sen alegacións.

Segundo.- Vincular a presente cesión á implantación dun polígono industrial ou agroforestal no concello solicitante, tendo en conta que os fins para os cales se outorga a cesión, deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes. Os bens cedidos reverterán, no seu caso, ao patrimonio da Entidade cedente con todas as súas pertenzas e accesións.

Terceiro.- Remitir este acordo ao Concello de ANTAS DE ULLA para súa aceptación.

Cuarto.- Formalizar a presente transmisión de titularidade mediante escritura pública suscrita entre as administracións interesadas”.

Intervén a señora Secretaria para aclarar que na proposta que se presenta detectouse un erro material no parágrafo anterior á parte dispositiva onde se recolle o seguinte: “...da titularidade de 6 parcelas provinciais..”, cando o que debe figurar é: “.... da titularidade de 16 parcelas provinciais..”, polo que queda corrixido nesta sesión o dito erro material”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención da señora Deputada dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, e polo tanto por maioría absoluta, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=3>

--00000--

4.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA QUE FAGA SÚAS AS DEMANDAS DE MELLOR ATENCIÓN BANCARIA DAS PLATAFORMAS DA TERCEIRA IDADE.

Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia que faga súas as demandas de mellor atención bancaria das plataformas da terceira idade.

Nas últimas semanas, as reclamacións de mellor atención bancaria artellados arredor de iniciativas populares como “Soy mayor, no idiota”, están a obrigar á este sector a reformar os seus modelos de traballo co colectivo de persoas maiores. En Lugo, a Asociación de Jubilados e Pensionistas de Lugo (AJYPEL), leva tamén tempo poñendo o acento nestas cuestións.

Estas reclamacións teñen un carácter transversal, e aluden a cuestións como a necesidade de ampliar horarios de atención ó público das oficinas; garantir a atención presencial a maiores que non contan con competencia en medios dixitais; ou medidas de seguridade como a demanda de caixeiros en contornas pechadas, en lugar de simples terminais abertos na beirarrúa.

Moitas destas reclamacións teñen tamén un marcado carácter de defensa do rural, xa que se reclama a reapertura de oficinas nos pobos que quedaron sen ela. E tamén a adecuada cobertura da rede de telefonía e internet, porque en moitos lugares, aínda que os maiores contan con competencias dixitais, o acceso ós portais de negocio dos bancos é lento ou mesmo imposible.

Este pleno ten abordado xa en diferentes ocasións a perda de servizos bancarios no rural, así como o proceso de destrución de emprego derivado da concentración das entidades bancarias e a súa aposta por un modelo de atención dixital. Como xa denunciámos no seu momento, algúns concellos lucenses carecen de servizo bancario permanente, unha tendencia que segue a crecer e que supón unha mingua na calidade de vida no rural, un factor de perda de poboación e unha eiva para o seu desenvolvemento.

Fronte a liña de actuación das entidades bancarias, a Xunta fixo unha deixadez nas súas competencias como garante da prestación de servizos básicos no conxunto do territorio. En lugar de pensar nas necesidades dos galegos e galegas do rural, en lugar de defender o emprego no sector bancario, a Xunta puxo en marcha unha política que subvenciona a instalación de caixeiros automáticos nos pobos que quedan sen oficina. Dito doutro xeito, a Xunta dalle cartos aos bancos para marchar do rural.

Entendemos que o éxito acadado pola mobilización e as campañas de recollida de firmas dos maiores, que está a ser respondido xa dende o sector bancario, ten que levar a modificar a actitude da Xunta de Galicia nas súas relacións cas entidades bancarias. Dende a Deputación de

Lugo facemos nosas as reclamacións de mellor atención bancaria formuladas por AJYPEL e por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno para que a Deputación Provincial de Lugo

1.- Insta á Xunta de Galicia:

- A mostrar o seu respaldo ás reclamacións de mellora na atención bancaria formuladas polas plataformas da terceira idade e do rural a iniciar un proceso de avaliación acerca da calidade dos servizos bancarios que perciben estes colectivos
- A tomar medidas para garantir a presenza de sucursais bancarias en tódolos concellos da provincia, con persoal vinculado á entidade bancaria e un horario de apertura e servizos similar ó ofertado nos grandes núcleos de poboación.
- A primar as operacións con aquelas entidades que garantan a prestación de servizos bancarios dun xeito adecuado ás persoas da terceira idade e tamén nos núcleos do rural.
- A excluír da participación na xestión dos fondos de reconstrución a aquelas entidades que non cumpran estas condicións.
- A elaborar, no abano de competencias exclusivas en Consumo, e a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, dunha Carta de Servizos Básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas a non quedar excluídos da prestación dos servizos básicos de carácter financeiro.

2.- Dar traslado deste acordo ás entidades bancarias con presenza na provincia de Lugo”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 24; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós/á señores/a Deputados/a do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=4>

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA EXPLICACIÓN SOBRE O BAIXO GRADO DE EXECUCIÓN DOS FONDOS COVID.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta explicacións sobre o baixo grao de execución dos fondos Covid.

Despois de dous anos de pandemia, que afortunadamente parece remitir, estamos empezando a coñecer o xeito no que o goberno autonómico empregou os fondos excepcionais liberados polo Goberno e a Unión Europea contra da covid. E por desgracia, eses datos falan dun nivel de execución inaceptablemente baixo. As cifras deixan de manifesto que os fondos non foron plenamente utilizados pola incapacidade de xestión do goberno popular.

Segundo o Instituto Nacional de Estudios Fiscales, no ano 2020 a Xunta só empregou en gastos non financeiros 515 dos 735 millóns do fondo covid. Dito en porcentaxes, a Xunta deixou sen executar o 30% do citado fondo sanitario, e iso a pesares da situación de desbordamento que padecía e segue a padecer a sanidade pública. E mentres, cargou ós orzamentos dos concellos gastos de claro carácter sanitario como a desinfección dos centros educativos.

Por desgracia, esta non é unha cifra illada, e outros datos oficiais corroboran que a Xunta instalouse nunha xestión deficiente, incapaz de empregar os fondos extra que percibiu durante a pandemia. A propia conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, recoñeceu que a Xunta só executara 166 millóns de euros dos máis de 234 millóns transferidos polo estado para dar apoio ós sectores máis afectados polo covid. De novo, unha execución do 70%, cunha perda do 30% dos fondos.

O acontecido durante a pandemia cos fondos extra non é, por desgracia, excepcional. Os galegos e as galegas vimos padecendo a incapacidade de xestión dun goberno autonómico que, nos anos 2014-2020, deixou sen executar preto de 1400 millóns de euros de fondos europeos, aproximadamente o 51% dos fondos remitidos pola Unión Europea nese período. E recentemente, o portavoz socialista no Parlamento de Galicia, Luis Alvarez, demostraba, con datos na man, que a Xunta deixou sen executar case 400 millóns dos seus propios orzamentos en materia de vivenda na década de 2010-2020.

O Grupo Provincial Socialista entende que Galicia non pode encarar con garantías a recuperación da pandemia da man dun goberno ineficaz na xestión dos orzamentos ordinarios e que se revelou incapaz de empregar os fondos extraordinarios. Por iso somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- Que o presidente da Xunta compareza nun pleno extraordinario do Parlamento de Galicia para dar explicacións do baixo grao de execución dos fondos covid.
- Que a Xunta reactive o Pacto Local firmado cos concellos, avalíe ca Fegamp a pegada extra da covid nas facendas locais e determine as fórmulas para compensar ás administracións locais polo gasto extra asumido durante a pandemia.
- A creación dunha Mesa de Seguimento da xestión dos Fondos de Recuperación para evitar que se manteña o baixo grao de execución actual. Unha Mesa que conte ca representación de todas as forzas parlamentarias e na que estea representada tamén a administración local”.

Neste momento, sendo as doce horas e catro minutos, incorpórase á sesión o señor Deputado D. José Pardo Lombao.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/á señores/a

Deputados/a do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, SOBRE AS MEDIDAS NECESARIAS PARA SALVAR A ATENCIÓN PRIMARIA

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial D. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en calidade de representante do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción sobre as medidas necesarias para salvar a atención primaria

Exposición de Motivos:

A Atención Primaria está exhausta tras anos de facer de trincheira do sistema sanitario, situación que a pandemia veu a tensar máis e máis, até situala nunha agonía permanente.

A Atención Primaria, baseada na proximidade, na accesibilidade, na relación directa profesionais-doentes e na continuidade da asistencia está en risco. O Partido Popular, dende o goberno, ten feito saltar polos aires os seus alicerces.

A situación de colapso é máis que patente e o descontento non fai máis que medrar, non queda ninguén por facer pública a alarma, a preocupación e o malestar pola situación.

Constatamos coma hai profesionais que están abandonando porque non queren traballar sen manter unha calidade mínima, sen poder atender ben aos doentes, que marchan fora, á privada ou solicitan excedencias. Facultativos de Familia e Comunitaria que non queren traballar exercendo a súa especialidade, en Atención Primaria.

Escoitamos a diario a alarma xerada pola redución de cadros de persoal, tensados permanentemente, en moitos casos sen relevo, que deixan a centros de saúde cunha mínima porcentaxe d@s profesionais e a concellos enteiros, ou barrios urbanos sen profesionais para atender á poboación durante días enteiros. Falta de atención que aumenta gravemente a presión nos servizos de urxencias, poñendo en risco tamén a súa operatividade.

O Goberno da XUNTA non só non toma nota, senón que moi ao contrario está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de deterioro da sanidade pública, de non repoñer profesionais, sumíndoa nun pozo máis e máis profundo, e os orzamentos para o ano 2022 son un claro exemplo.

Non hai unha estratexia que permita normalizar a Atención Primaria, que non é o mesmo que volver á situación previa á pandemia, de axendas interminábeis e masificación, senón que permita dispoñer d@s profesionais, recursos e capacidade de tomar decisións, que permitan atender todas as necesidades e demandas da poboación, unha atención sanitaria de calidade.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galiza a:

1.- Normalizar a asistencia en Atención Primaria:

- a) Atención presencial para o 100% das persoas que o precisen e soliciten, con todas as medidas hixiénicas e sanitarias que garantan un entorno seguro.
- b) Limitar as consultas telefónicas ou telemáticas a actividades complementarias.
- c) Reapertura de todos os consultorios existentes que foron pechados ao inicio da pandemia de Covid-19.
- d) Garantir a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responder ao aumento exponencial da demanda.

- 2.- Aumentar o orzamento até chegar ao 25% na presente lexislatura.
- 3.- Modificación do Decreto que regula as Areas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.
- 4.- Poñer en funcionamento de inmediato as axendas con procesos finalistas de cada profesional, que recoñezan o mapa de competencias de cada categoría.
- 5.- Incorporación á Carteira de Servizos de Atención Primaria de categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral e descolapsar as listaxes de espera: persoal de psicoloxía e farmacia clínica, terapeutas ocupacionais, logopedistas, traballadoras sociais, ópticos-optometristas, podólogos, nutricionistas...
- 6.- Rematar coa política de precariedade e explotación na contratación e posta en marcha dun plan de retorno e captación de profesionais, ofertando contratos dignos e estábeis, para evitar que sigan marchando profesionais ben cara a privada ou o estranxeiro.
- 7.- Elaborar con urxencia o Plano de Ordenación de RRHH, para identificar as necesidades de persoal de cada colectivo e proceder á súa cobertura, en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PACs.
- 8.- Aprobar medidas que garantan a presenza e estabilidade de profesionais nas prazas de difícil cobertura:
 - Elaboración dun catálogo no que se definan e cuantifiquen estas prazas.
 - Determinación do proceso de cobertura.
 - Medidas que recoñezan a labor dos profesionais nestas prazas: incentivos económicos, máis valor a servizos prestados...
- 9.- Facilitar o acceso a probas diagnósticas directamente”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/á señores/a Deputados/a do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG DE APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO E DEMANDA DOS COMPROMISOS PENDENTES.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción de apoio ás mobilizacións feministas do 8 de marzo e demanda dos compromisos pendente

Exposición de Motivos:

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 cúmprense cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos cuidados e do consumo alén do económico e laboral e sen esquecer a importancia vital da loita contra a violencia machista.

A folga feminista xurdía coma un movemento internacional froito de varios acontecementos. Entre eles, dúas históricas mobilizacións a finais de 2016 en Polonia (contra o endurecemento da lexislación sobre o aborto) e sobre todo en Arxentina (folga impulsada polo movemento “Ni una

menos” após o brutal asasinato de Lucía Pérez). Desde latinoamérica impulsouse un paro cara o 8 de marzo de 2016 que se foi estendendo a outros países, onde tiveron lugar paros, tanto produtivos, como de coidados e traballos non remunerados. En Galiza houbo conexión e solidariedade con estas loitas, desde os primeiros apoios simbólicos a folgas históricas precedidas, agás 2021 por mor da pandemia e as restricións de mobilidade, de históricas convocatorias de manifestación nacional en Vigo, Lugo ou Verín.

Durante estes anos, froito da presión social e do avance do feminismo como unha prioridade para cada vez máis capas da sociedade, as institucións víronse obrigadas a reaccionar, como amosou a reapertura da sala de partos de Verín. Sen negar a importancia de avances e pasos dados neste último lustro, neste 2022 os colectivos feministas galegos de base están a apuntar aos compromisos pendentes de realización para que os sucesivos 8 de marzo non perdan o seu significado orixinal, converténdose nunha data rutineira no lugar dun motivo de reivindicación e loita.

A situación económica e social derivada da pandemia da covid-19, á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa, acrecentada polas decisións tomadas na crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas. Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes). Ademais, debemos recordar que malia as declaracións de intencións, a ilegal fenda salarial segue a ser unha realidade que en Galiza supera os 4.000 euros ao ano.

Á situación de desigualdade laboral, que o incumprimento da promesa de derogación da reforma laboral do PP por parte de PSOE e Podemos vai agravar, súmase a desigualdade derivada da falta de servizos públicos, que alimenta unha economía mergullada na que milleiros de mulleres traballan sen recoñecemento e condicións dignas. Así mesmo, seguen pendentes compromisos como a demandada ratificación do convenio 189 da OIT, que o goberno do Estado dicía ter en marcha hai un ano, máis aínda non se verificou e que é clave para a dignificación e protección das traballadoras do fogar.

No ámbito galego a Xunta de Galiza limitase a aprobar plans propagandísticos que non teñen o orzamento e seguimento adecuado, e a incumprir a súa propia lei, como amosa o feito de que nin sequera teñan impulsado o correspondente Plan de igualdade no ámbito da función pública galega ou que se neguen a cumprir a lei de igualdade e elaborar unha estatística que amose o valor para a economía galega do traballo doméstico invisible que realizan millóns de galegas e amose a desigualdade real no reparto dos tempos nos fogares. Entre outras promesas incumpridas, podemos recordar que en marzo de 2019 o BNG impulsou un acordo no Parlamento Galego para o impulso de cláusulas de igualdade que o Partido Popular non pon en marcha. Así mesmo, desde hai anos reivindicamos a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004, para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade. A Xunta aproveitou o 25 de novembro de 2021 para prometer que reformaría aspectos, mais a día de hoxe nin se coñecen propostas nin hai un traballo de diálogo e participación co feminismo e coas organizacións sindicais.

Neste 2022 as mobilizacións arredor do 8 de marzo deben servir para sermos conscientes das cuestións pendentes e inaprazables da axenda feminista. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos recoñecer o papel do feminismo galego e instar ao cumprimento por parte das administracións dalgunhas das máis urxentes.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2022 sinalan os compromisos pendentes e incumpridos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2º.- Demandar da Xunta de Galiza o cumprimento do compromiso incumprido desde

marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega contemplando, a partir do diálogo coas organizacións sindicais e sociais, as seguintes medidas: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación, así como unha comisión responsábel do seguimento do proceso, un informe anual, unha partida orzamentaria para sufragar a implantación e o impulso daquelas modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

3º.- Demandar da Xunta de Galiza a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade.

4º.- Demandar do goberno central que non siga demorando a tramitación da ratificación do convenio 189 da OIT e atenda as demandas dos colectivos de traballadoras do fogar para avanzar na súa dignificación e protección.

5.- Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. Así mesmo, demandar da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/á señores/a Deputados/a do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á DIXITALIZACIÓN DO CATÁLOGO DE ESTRADAS PROVINCIAIS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular relativa á dixitalización do catálogo de estradas provinciais.

Exposición de Motivos:

A área de Xestión Territorial ten encomendada a xestión e o exercicio das competencias que a Deputación ten atribuídas en materia de estradas. Esta área que, no presente mandato, asume directamente o Sr. Presidente e que inclúe as materias de Vías e Obras, Parque Móbil, Expropiacións, e Unidade de Proxectos é a responsable da construción, conservación e mellora e vixilancia da rede provincial de estradas, cuxa función é asegurar o acceso por estrada a todos os municipios e localidades da provincia a través das vías da Deputación Provincial, así como a execución de novas infraestruturas viarias.

O acusado deterioro no que se atopan segue xerando un enorme malestar e queixas en alcaldes, veciños, usuarios ou asociacións. É, por este motivo, polo que representantes deste Grupo se desprazaron a diferentes concellos onde puideron comprobar o mal estado de varias estradas provinciais.

Acometer, por tanto, o seu acondicionamento e mellora é unha cuestión de primeira necesidade, pois só así se pode garantir a seguridade vial e que os usuarios circulen nunhas condicións axeitadas, ao tempo que se facilita a accesibilidade de todos os pequenos núcleos de poboación da provincia.

A óptima xestión das infraestruturas de titularidade provincial é de vital importancia para o desenvolvemento da nosa provincia. Por iso este Grupo considera que é necesario que dende o equipo de goberno provincial se avance cara a unha mobilidade de futuro e se impulse a innovación

na xestión das estradas provinciais e a dixitalización do catálogo das mesmas, a través da metodoloxía BIM ou similar.

Trátase de dispoñer dunha ferramenta unificada que aglutine toda a información das estradas provinciais que permita:

- contar con toda a información centralizada, e usar a mesma en todas as fases de calquera proxecto o que permitiría optimizar custes e xestionar parte dos recursos públicos cos que conta a institución dun xeito máis eficaz.
- traballar, de forma coordinada, cos diferentes actores que participan na rehabilitación, conservación e mantemento das vías provinciais dende o propio responsable- Sr. Presidente- ata o persoal da Área de Xestión territorial e traballadores das empresas adxudicatarias das obras o servizos.
- establecer un punto de consulta para o conxunto da cidadanía, que poderá simplificar os seus trámites co órgano xestor das estradas de titularidade da Deputación.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordo:

Que a Deputación Provincial de Lugo leve a cabo as actuacións necesarias para mellorar a rede viaria provincial e implantar a dixitalización, mediante tecnoloxía BIM ou similar, do catálogo das estradas provinciais destinando para este fin Fondos Next Generation EU.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós/á señores/a Deputados/a do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=8>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA MELLORAR A ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES PROTEXENDO, MEDIANTE PROCEDIMENTOS EFICACES, A SEGURIDADE, A SAÚDE, E OS LEXÍTIMOS INTERESES ECONÓMICOS DOS MESMOS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular, do seguinte teor literal:

“Javier Jorge Castiñeira, en calidad de portavoz del Grupo Provincial do Partido Popular, al amparo de la legislación vigente, presenta, para su debate y aprobación si procede en la próxima sesión ordinaria que celebre la corporación provincial, la siguiente proposición de la Asociación de Jubilados y Pensionistas de Lugo (AJYPEL)

Moción para mejorar la atención a las personas mayores protegiendo, mediante procedimientos eficaces, la seguridad, la salud y los legítimos intereses económicos de los mismos.

“La Asociación de Jubilados y Pensionistas de Lugo (AJYPEL), inscrita en el Registro Provincial de Asociaciones de la Xunta d Galicia, con el núm. 2018/22865, Sección 1ª, dirige, a todos los grupos políticos con representación en esa Diputación, con la siguiente propuesta.

Durante el año 2021 la banca española ha obtenido unos beneficios superiores a los 20.000 millones de euros.

Una parte importante de esos beneficios viene de la reducción de oficinas, las restricciones del horario de atención personal, la necesidad de solicitar cita previa para que te atiendan, en un teléfono que nadie responde, el "use Vd. el cajero automático", etc. obligando a utilizar las nuevas tecnologías, sobre las cuales hay una enorme brecha dentro de las personas con edades superiores a los 65 años (y en la de menos edad también), a las que la banca menosprecia continuamente.

En la provincia de Lugo existen concellos y parroquias, que es donde viven muchos miles de personas mayores, que han quedado sin sus oficinas bancarias (hay que desplazarse) y también muchos, sin cajeros automáticos. Por cierto, en la provincia, el número de personas mayores se aproxima al 20% de la población total.

Las entidades financieras buscan aumentar su rentabilidad, obtener más beneficios, y para ello no duda en reducir sus "gastos", y en ello están, sin importarles mucho los medios utilizados a tal fin. Debemos conocer que estos beneficios obtenidos en el año 2021 les han supuesto un incremento porcentual muy alto al año 2019, antes de la pandemia de la Covid-19. Es por eso que:

- Siguen con el cierre de oficinas (3.000 de momento).

- Los despidos de personal (más de 12.000).

- Reducción o eliminación de los horarios de atención al público en general y por tanto, dificultando la atención al cliente, y especialmente a las personas MAYORES.

- Desviando y redirigiendo, tanto como pueden y aún más, esa atención que debería ser personal a los medios ofimáticos, medios y herramientas que muchas veces son inentendibles para muchos y en especial para quienes, como los mayores, no están familiarizados en su uso.

- Los cajeros automáticos, en su mayoría, han sido apartados de las instalaciones interiores de los bancos, obligando a realizar la retirada de dinero, por ejemplo, en pleno calle, exponiendo, sobre todo a las personas mayores, a ser robadas.

Demasiadas veces muestran poca o ninguna comprensión por los problemas de gestión que afectan a sus clientes, y la realidad es que no hemos de subyugarnos a los intereses de la banca, han de ser las entidades financieras la que debe adaptarse a las necesidades de las personas, que al fin somos sus clientes y el dinero que depositamos es nuestro y está en nuestras cuentas.

Hay muchos usuarios poco o nada familiarizados con la informática y la ofimática, bien sea por edad o por falta de oportunidades para aprender y dominar su manejo, aumentando con ello sus problemas para relacionarse con el que "antes" era su banco.

Llegados aquí, tenemos que manifestar y sacar a la luz, que esta cuestión que nos ocupa afecta de igual manera a los usuarios de los servicios de las administraciones, locales, provinciales, comunitarias o estatales, o la sanidad, en las que también se ha impuesto la utilización informática para todo trámite, se ha suspendido en gran parte la atención personal y las solicitudes de cita previa han de hacerse por medios difícilmente alcanzables para muchas personas.

Es evidente que la informática es ya el presente y el futuro, pero no podemos obviar que para muchas personas la informática no estaba en su pasado y el tener que "enfrentarse" a una máquina en lugar de a esa persona, muchas veces amable, que la atendía en sus dudas antes, generándoles inseguridad, ansiedad, miedo e indefensión.

Ante todo esto, los mayores, son los grandes perjudicados, al ser la franja de edad en la que son más numerosas las personas a las que les va a resultar imposible manejarse con las nuevas tecnologías.

Es insufrible que en pleno siglo XXI, en su año 2022, se tenga que ver a mayores soportando largas colas haga frío o calor, en plena calle, ante un cajero automático, incluso con problemas de movilidad y algunos pidiendo ayuda al de su lado para entenderse con la dichosa máquina, intentando pagar un recibo o sacar SU DINERO, incluso facilitando sus datos, con todo el peligro real que para su economía y para su físico que ello supone. Pensamos en AJYPEL que esto no habla muy bien de nuestra sociedad, y que son los poderes públicos los obligados a darle una pronta y definitiva solución. NO TODO VALE PARA OBTENER BENEFICIOS. El artículo 51 de nuestra Constitución, incluido en su Título I. De los derechos y deberes fundamentales. Capítulo tercero. De los principios rectores de la política social y económica.

1.- Los poderes públicos garantizaran la defensa de los consumidores y usuarios, PROTEGIENDO, mediante procedimientos eficaces, la SEGURIDAD, la SALUD, y los LEGITIMOS INTERESES ECONOMICOS de los mismos.

Cada vez se generaliza más el clamor para exigir que se habilite lo necesario en las oficinas o sucursales para que las personas mayores puedan ser atendidas en su legítima relación con aquellas entidades en las que se les obliga a ser cliente, pues en ellas se les abona su pensión y en donde también han de tener domiciliados sus pagos, y obtener el efectivo que precisan para acudir a los comercios de sus barrios y comprar los productos que necesitan para su vida diaria.

En estos momentos ABANCA inicia la colocación de cajeros en Galicia, pero hay que destacar que son subvencionados, lo que hace todavía más rocambolesca esta situación; le pagan con dinero público para que atienda a SUS clientes. Hay que recordar que ABANCA tuvo unos

beneficios en el ejercicio 2021 superiores a 300 millones de euros y que fue una de las entidades beneficiadas con los 60.000 millones de euros que en su día se inyectaron a la banca y de los que nunca más se supo.

Por lo expuesto, proponemos a los grupos políticos que conforman la corporación la aprobación de esta moción con los siguientes acuerdos.

1º.- Realizar de manera urgente una evaluación de la atención que reciben las personas MAYORES por parte de las entidades financieras de la población, poniendo especial énfasis en los núcleos y parroquias para dotarlos del servicio que precisen.

2º.- Que la Diputación Provincial opere preferentemente con aquellas entidades que atiendan con un trato humanitario y próximo a los MAYORES, lo que situamos en la atención personalizada dada por empleados dispuestos a desempeñar su trabajo con cercanía y amabilidad.

3º.- Que dado que la calle no es una oficina, se valore y estudie la posibilidad, ya propuesta por algunos ayuntamientos de incrementar la tasa por la ocupación de la vía pública por cada cajero automático de forma notable.

4º.- Que las oficinas bancarias que los han abandonado a su mejor conveniencia mantengan los cajeros automáticos interiores para servicio de los clientes.

5º.- Solicitamos que si se aprueba algún acuerdo, se traslade y comunique a las distintas entidades bancarias y administraciones de Lugo”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de substitución do seguinte teor:

“Substituir a redacción orixinal que di:

1°.- Realizar de manera urgente una evaluación de la atención que reciben las personas MAYORES por parte de las entidades financieras de la población, poniendo especial énfasis en los núcleos y parroquias para dotarlos del servicio que precisen.

2°.- Que la Diputación Provincial opere preferentemente con aquellas entidades que atiendan con un trato humanitario y próximo a los MAYORES, lo que situamos en la atención personalizada dada por empleados dispuestos a desempeñar su trabajo con cercanía y amabilidad.

3°.- Que dado que la calle no es una oficina, se valore y estudie la posibilidad, ya propuesta por algunos ayuntamientos de incrementar la tasa por la ocupación de la vía pública por cada cajero automático de forma notable.

4°.- Que las oficinas bancarias que los han abandonado a su mejor conveniencia mantengan los cajeros automáticos interiores para servicio de los clientes.

5°.- Solicitamos que si se aprueba algún acuerdo, se traslade y comuniqué a las distintas entidades bancarias y administraciones de Lugo”.

Pola proposta seguinte:

“1°.- Instar á Xunta de Galicia:

- A mostrar o seu respaldo ás reclamacións de mellora na atención bancaria formuladas polas plataformas da terceira idade e do rural a iniciar un proceso de avaliación acerca da calidade dos servizos bancarios que perciben estes colectivos.
- A tomar medidas para garantir a presenza de sucursais bancarias en tódolos concellos da provincia, con persoal vinculado á entidade bancaria e un horario de apertura e servizos similares ó ofertado nos grandes núcleos de poboación.
- A primar as operacións con aquelas entidades que garantan a prestación de servizos bancarios dun xeito adecuado ás persoas da terceira idade e tamén nos núcleos do rural.
- A excluír da participación na xestión dos fondos de reconstrución a aquelas entidades que non cumpran estas condicións.
- A elaborar, no abano de competencias exclusivas en Consumo, e a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, dunha Carta de Servizos Básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas a non quedar excluídos da prestación dos servizos básicos de carácter financeiro.

2º.- Dar traslado deste acordo ás entidades bancarias con presenza na provincia de Lugo”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 15 (correspondentes ós/á señores/a Deputados/a do Grupo Provincial do Partido Popular e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 10 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista); Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=9>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

10.- INFORME DOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2021 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Dada conta do informe dos meses de outubro, novembro e decembro de 2021 relativos ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, o Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=10>

11.- INFORME DO CUARTO TRIMESTRE DE 2021 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe do cuarto trimestre de 2021, relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=11>

12.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día catro ao trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e dous, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0001 ao 0212. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=12>

13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=13>

ASUNTO DE URXENCIA

Intervén o Sr. Presidente para manifestar que, antes do apartado de Rogos e Preguntas, vaise someter á consideración do Pleno unha moción de urxencia presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular; polo que se procederá en primeiro lugar á xustificación e votación da declaración de urxencia da mesma,

Moción de urxencia do Grupo Provincial do Partido Popular relativa á implantación da recollida selectiva dos residuos orgánicos nos Concellos lucenses.

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción de urxencia do Grupo Provincial do Partido Popular relativa á implantación da recollida selectiva dos residuos orgánicos nos Concellos lucenses.

Xustificación da Urgencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de establecer liñas de colaboración cos concellos lucenses para cubrir todos os pasos que terán que dar para implantar a recollida diferenciada da materia orgánica e cumprir así o prazo establecido pola U.E.

Exposición de Motivos

A fin de incrementar as porcentaxes de reciclado, a Unión Europea obriga aos concellos a ter implantada a recollida diferenciada da materia orgánica a través do denominado quinto contedor, de cor marrón, a partir do 31 de decembro de 2023.

Tendo en conta as características da materia orgánica, cun alto grao de humidade, e en aplicación do principio de proximidade, a Xunta de Galicia deseñou unha rede de infraestruturas conformada por catro plantas de biorresiduos (Cervo, Verín e Vilanova, que se suman á de Cerceda, en funcionamento). Estas instalacións estarán apoiadas por 13 plantas de transferencia, ás que se dotará dunha tolva específica para transvasar nas mesmas a materia orgánica. Así mesmo, convocou axudas por valor de 13,5 millóns de euros con cargo aos fondos europeos e cuxo prazo de solicitude remata o vindeiro 22 de febreiro.

Cómpre ter en conta a data límite (31/12/2023) e que non se trata dun cambio automático para os concellos. Nalgúns casos terán que modificar os contratos asinados cos adxudicatarias da xestión do lixo municipal e noutros, os que realizan directamente e con persoal propio a recollida, precisarán reestruturar o servizo.

A incorporación dunha nova fracción supón un cambio en todos os casos e, máis alá das modificacións dos contratos e as reestruturacións, esixe un período de estudo de dotación de medios e dos propios roteiros de recollida para que a recollida separada da materia orgánica sexa eficiente.

Por este motivo, e se ben e a competencia de xestión dos residuos urbanos é dos concellos e o Goberno galego leva tempo traballando para acompañalos no camiño que permita cumprir co obxectivo fixado por Europa, consideramos que o organismo provincial ten que estar ao carón das entidades municipais e axudarlles neste labor, en beneficio de todos os lucenses.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordo

O Pleno da Deputación insta ao equipo de goberno provincial a colaborar cos concellos da provincia, especialmente cos de *menor capacidade* económica e de xestión.

- na xestión administrativa que supón a implantación da quinta fracción de residuos, así como a elaborar os estudos do gasto real que supón
- na recollida e transporte dos biorresiduos depositados no “quinto contenedor”.

Efectuada a votación da declaración de urxencia da moción, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos/a señores/a Deputados/a do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG).

Polo que o Presidente declara rexeitada por falta de quorum a declaración de urxencia da moción.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=14>

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Sr. Presidente manifesta que hay dous Rogos e unha Pregunta regulamentariamente formulados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación.

R O G O S

Primeiro.- Relativo á estrada provincial LU-P- 6504, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

A estrada provincial LU-P 6504 *Touzas (N- 634) – Carballido – O Santo (LU-120)*, que conta cun total de 9,516 kms. e que discorre polo municipio de Vilalba, atópase nun estado pésimo de conservación. O pavimento está cheo de fochancas o que provoca numerosas molestias aos usuarios e avarías nos seus coches. A sinalización horizontal é practicamente inexistente e a vertical resulta insuficiente.

A vista do exposto o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte rogo ao Sr. Presidente da Deputación:

Que por parte da Área de Xestión Territorial da Deputación Provincial de Lugo se fagan, de maneira inmediata, as xestións necesarias para atender as reclamacións dos veciños máis directamente afectados e se proceda á reparación da dita estrada provincial, solventando desta maneira o déficit de mantemento que sufriu esta vía durante anos ata chegar ao lamentable estado no que se atopa”.

Segundo.- Relativo ás instalacións dos pavillóns 1 e 2 do Antigo Fogar de Santa María, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

Deputados pertencentes ao Grupo Provincial do Partido Popular, catro meses despois da súa pretensión inicial e despois da intervención da Valedora do Pobo, puideron, finalmente, visitar o pasado día 18 do mes en curso as reformadas instalacións dos pavillóns 1 e 2 do Antigo Fogar de Santa María, onde agora teñen a súa sede os servizos provinciais de Recadación, Cooperación cos Concellos, Medio Ambiente, Asesoría Xurídica e Formación.

Pese a que as obras se prolongaron moito máis do previsto e tamén a que estas saíron moito máis caras do estimado inicialmente, deputados deste grupo, tras a visita, puideron constatar que aínda quedan por rematar algún flocos que deberán de ser resoltos á maior brevidade posible. Con este obxectivo, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte rogo:

Que por parte do equipo de goberno provincial sexan adoptadas canto antes as medidas precisas para:

- A) Resolver as deficiencias que en materia de accesibilidade aínda presentan os pavillóns 1 e 2 do edificio do Antigo Fogar de Santa María.
- B) Mellorar a cobertura de Internet nas dependencias dos ditos pavillóns onde presenta deficiencias
- C) Completar o sistema contraincendios”.

P R E G U N T A

Relativa á urbanización do barrio de Cobas no concello de Monforte de Lemos, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

Vista a información publicada na prensa no día de hoxe en relación coas dúbidas en canto a legalidade da urbanización do barrio de Cobas no concello de Monforte de Lemos; e, tendo en conta que para as obras da dita urbanización existe un convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Lugo, este grupo formula a seguinte pregunta:

Coñece o goberno da Deputación a existencia dalgunha irregularidade no desenvolvemento da citada urbanización e, en todo caso qué garantías pediu a institución provincial previas a sinatura do convenio?”.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20220222&punto=15>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.